

**Convenio colectivo da empresa Sociedad de Tratamiento de Aguas Residuales, S.L. (STAR, S.L.)
(Anos 2004-2006)¹**

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio regula as relacións laborais da empresa Sociedad de Tratamiento de Aguas Residuales, S.L. (STAR, S.L.) con cada un dos traballadores que prestan os seus servizos nela. Este convenio ten o seu ámbito de aplicación de forma provincial para a provincia de Pontevedra así como os novos centros de traballo que no ámbito desta provincia se creen ou sitúen.

Artigo 2º.-Ámbito temporal.

Este convenio terá vixencia a partir da súa sinatura e cun período de duración desde o 1-1-2004 ata o 31-12-2006.

Entenderase prorrogado tacitamente por períodos anuais sempre que por calquera das partes non sexa denunciado polo menos con tres meses de antelación ao seu vencemento ou de calquera das súas prórrogas. No caso de non chegar a ningunha negociación despois de realizada a denuncia, o texto do convenio quedará prorrogado, non así os conceptos salariais que aumentarán de acordo coa suba do IPC real do ano anterior.

Artigo 3º.-Clasificación profesional.

O persoal ao servizo da empresa incluído no ámbito de aplicación deste convenio queda encadrado dentro dalgún dos seguintes grupos profesionais:

1. Persoal técnico.
2. Persoal administrativo.
3. Persoal de comercialización.
4. Persoal para proceso de datos.
5. Fabricación.
6. Mantemento/oficios varios.

Artigo 4º.-Modalidades de contratación.

As partes asinantes deste convenio consideran que, de entre as modalidades de contratación recollidas na lexislación vixente, para efectos de realización dos contratos, estes acolleranse á fórmula de fixos discontinuos.

Non obstante, por necesidades da produción poderanse concertar contratos eventuais recollidos na lexislación vixente.

Artigo 5º.-Períodos de proba.

Concretarase por escrito un período de proba que en ningún caso poderá exceder dos que se sinala na seguinte escala:

Persoal directivo e técnico titulado: 6 meses.

Persoal non titulado: 2 meses.

Persoal administrativo: 2 meses.

Persoal subalterno: 2 meses.

Persoal de fabricación: 15 días.

No demais relativo ao período de proba será de aplicación o disposto no Estatuto dos traballadores.

Artigo 6º.-Organización do traballo.

Durante a vixencia do convenio, cando as circunstancias o permitan, a empresa poderá implantar un sistema de remuneración por primas de produción, con carácter xeral, por seccións ou quendas de

¹ Publicado no DOG núm. 80, do 27 de abril de 2004.

traballo, de acordo coas circunstancias e os obxectivos, podendo con carácter xeral, por seccións ou quendas de traballo cando as circunstancias o aconsellen.

Artigo 7º.-Retribución.

Todos os conceptos salariais que figuran no presente convenio teñen a consideración de retribucións brutas, e sobre elas efectuaranse as correspondentes deducións por Seguridade Social, IRPF e calquera outra que puidese corresponder por aplicación legal.

Artigo 8º.-Retribución debida.

Os traballadores que presten servizos na empresa percibirán o que resulte de sumarlle ao salario base os complementos salariais regulados no convenio. Malia o anterior, ao ter os complementos salariais regulados neste convenio un carácter meramente enunciativo, a empresa non estará obrigada a aboar aquilo que non se corresponda co tipo de traballo desenvolvido ou coa organización produtiva establecida.

Artigo 9º.-Conceptos retributivos.

Salario base.

Plus transporte.

Plus asistencia.

Plus nocturnidade.

Pagas extraordinarias.

Por acordo individual entre o traballador e a empresa poderanse pór en práctica novos sistemas retributivos que melloren as condicións establecidas neste convenio.

Artigo 10º.-Nocturnidade.

Entenderase traballo nocturno aquel que se desenvolva en xornada diaria máis de tres horas que estean comprendidas entre as 22.00 e as 6.00 horas.

O personal que traballe no dito horario recibirá un complemento do 25% sobre o salario base, por día traballado.

Artigo 11º.-Gratificacións extraordinarias.

Cada traballador percibirá 2 pagas extraordinarias ao ano, correspondentes aos meses de xullo e decembro, aboadas a razón dunha mensualidade na contía cada unha delas de salario base.

Artigo 12º.-Xornada de traballo.

A xornada máxima de traballo anual será de 1.749 horas de traballo efectivo.

A xornada habitual de traballo será de 40 horas semanais distribuídas de luns a venres a razón de 8 horas diarias (inclúense nas 8 horas os 15 minutos de descanso para o bocadillo). A partir do 1-1-2005 o descanso do bocadillo pasará a ser de 20 minutos.

Artigo 13º.-Incremento salarial.

Ano 2004: o que figura nas táboas.

Ano 2005: IPC real do ano 2004 máis 0,25.

Ano 2006: IPC real do ano 2005 máis 0,25.

Artigo 14º.-Horario de traballo.

A xornada estará distribuída en 3 quendas de traballo nos horarios que a continuación se sinalan:

Quenda de mañá: de 6.00 a 14.00.

Quenda de tarde: de 14.00 a 22.00.

Quenda de noite: de 22.00 a 6.00.

Os traballadores requiriranse segundo necesidades e a organización da empresa no réxime de xornada continuada e en quendas rotativas.

Artigo 15º.-Horas extraordinarias.

No caso de facerse horas extraordinarias estas aboaranse nas seguintes cantidades:

-Hora extra: 7 €

-Hora extra no domingo ou festivo: 7 €

-Hora extra nocturna festiva: 7 €

Artigo 16º.-Roupa de traballo.

Daráselles a todos os traballadores/as a roupa de traballo adecuada e reglamentaria para realizar as tarefas propias do seu posto de traballo. Concederanse fundas para o persoal masculino e casaca e pantalón para o persoal feminino.

Artigo 17º.-Vacacións.

Como norma xeral, o persoal desfrutará de 30 días de vacacións ininterrompidos ao ano. Dadas as especiais circunstancias da prestación de servizos para a empresa estas vacacións poderanse interromper.

Artigo 18º.-Licenzas.

A empresa concederalles aos traballadores que o soliciten as licenzas nos casos seguintes:

1. Matrimonio: 15 días naturais.

2. Enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica: 3 días naturais cos seguintes parentescos, pais, fillos, irmáns e cónxuxe. Así mesmo, no caso de nacemento dun fillo a licenza será tamén de 3 días.

3. Morte do cónxuxe, ascendentes, descendentes ou irmáns tendo como límite os supostos de avós e netos: 3 días naturais.

4. Cumprimento dun deber político inescusable disposto polas leis e disposicións vixentes: o tempo indispensable.

5. Cambio de domicilio: un día natural.

6. Matrimonio dun fillo sempre que se celebre en día laborable: un día natural.

7. Os traballadores por lactación dun fillo menor de 9 meses terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A muller poderá substituír este dereito por unha redución da xornada laboral nunha hora coa mesma finalidade, que necesariamente se deberá producir ben ao comezo ou ben ao final da xornada laboral.

Nas licenzas concedidas aboaranse todos os conceptos salariais fixos a excepción dos complementos salariais por cantidade ou calidade de traballo.

Artigo 19º.-Comisión paritaria.

Crearase unha comisión paritaria para a interpretación do convenio e solventar os posibles conflitos entre as partes.

Estará constituída polo mesmo número de membros do comité de empresa que da representación empresarial.

Disposición adicional

Respectaranse as condicións máis beneficiosas economicamente e socialmente que veñan desfrutando os traballadores/as dedicados á limpeza.

Táboa salarial 2004

Categorías	Bruto mes	Bruto ano
-Persoal técnico		
Titulado superior	1.110,15	15.542,10
Titulado non superior *	991,32	13.878,58
Director de fabricación	932,09	13.049,39
Encargado xeral	891,17	12.476,47
-Persoal administrativo		
Xefe de administración	1.031,28	14.579,52
Xefe sección administración *	1.140,83	15.971,75
Oficial administrativo 1ª	879,28	12.309,97
Oficial administrativo 2ª	832,82	11.659,51
Auxiliar administrativo	712,93	9.987,04
Telefonista	708,95	9.925,35
-Persoal de comercialización		
Director de vendas *	806,89	11.296,52
Vendedor	799,93	11.199,09

-Proceso de datos		
Operador	800,44	11.206,27
Programador	811,11	11.355,63
-Fabricación		
Especialista de fabricación *	735,98	10.303,84
Oficial de 1ª de fabricación	732,32	10.252,58
Oficial de 2ª de fabricación	728,68	10.201,58
Limpador/a	689,49	9.652,89
-Mantenimiento-oficios varios		
Oficial 1ª mecánico *	780,96	10.933,48
Oficial 2ª mecánico *	756,13	10.585,90
Oficial 3ª mecánico *	741,81	10.385,41
Oficial 1ª electricista *	780,96	10.933,48
Oficial 2ª electricista	756,13	10.585,90
Oficial 3ª electricista *	741,81	10.385,41
Especialista cámaras e almacén	763,18	10.684,56
Conductor	786,76	11.014,67

Vixilante	800,27	11.203,78

Nota: no bruto anual van incluídas as dúas pagas de xullo e decembro.